

Introdución


O LibreOffice é unha ferramenta de software libre pensado principalmente para a edición de documentos, follas de cálculo, presentacións e bases de datos.


Para traballar en galego no LibreOffice cunha versión noutro idioma hai que configuralo para que a interface, o dicionario, etc. estean en galego.


Cambiar ao dicionario en galego

Se queremos escribir textos en galego e podelos corrixir nese idioma debemos utilizar o dicionario galego. Para cambiar o dicionario predeterminado por exemplo de castelán a galego imos á barra de menús (parte superior) e seguimos os seguintes pasos:

Herramientas - Opciones - Seleccionar Configuración de idioma - Idiomas

Dentro da nova fiestra que aparece seleccionamos **Idiomas predeterminados para los documentos - Occidental** e cambiamos a **Galego**. Se non aparece o símbolo  á esquerda significa que o dicionario non está instalado. Ao final do documento indícase como se fai a instalación.

Atención! Se prememos o botón  na parte inferior da pantalla só cambia o idioma para ese documento e se abrimos o LibreOffice volve a aparecer o idioma anterior.




Traballar con LibreOffice no idioma galego

Unha vez activado o dicionario galego tamén podemos acadar que a interface do programa e outros aspectos como o nome de funcións matemáticas estean en galego.


Para isto imos a **Idioma de - Interfaz de usuario** e cambiamos a **Galego** e a **Formatos Configuración regional** e cambiamos a **Galego**.


Se non aparece a opción **Galego** significa que non está instalada a configuración do programa neste idioma. Ao final do documento indícase como se fai a instalación.




Temos que reiniciar o programa para que os cambios sexan efectivos. Hai que indicar tamén que estes cambios son reversibles é en calquera momento pódese retornar ao idioma orixinal.

Uso do dicionario galego

Unha vez escrito o texto tendo activada a opción **Ferramentas - Corrección automática** xa aparecen os erros subliñados en vermello. O seguinte paso é ir ao menú **Ferramentas - Ortografía** ou premer no botón 





Neste intre podemos corrixir directamente sobre a palabra incorrecta (en vermello) ou substituír por a suxestión correcta premendo a continuación en **Corrixir**.



Traballar con LibreOffice no idioma galego

Unha palabra allea ao idioma de corrección pero de uso habitual pódese **Engadir ao dicionario** para evitar que o corrector a detecte sempre como erro.



Se non queremos corrixir á palabra hai que premer en **Ignorar** e o corrector pasaría ao seguinte erro.


Configuración da instalación de LibreOffice en galego

Para poder instalar as opcións de interface en galego e configuración rexional o primeiro que hai que facer e acceder á páxina de descarga de LibreOffice no seguinte *link*:

<https://gl.libreoffice.org/> e premer en **Descargar LibreOffice**




a continuación indicar o sistema operativo do noso dispositivo (por defecto aparece o que temos instalado) e finalmente premer **DOWNLOAD**




Traballar con LibreOffice no idioma galego

Unha vez descargado o arquivo ir á carpeta **Descargas** e executalo (dobre clic).





e a continuación temos que executar o arquivo de instalación e marcar **Modifica**.





Traballar con LibreOffice no idioma galego

Por último hai que ir ás lapelas **Componentes opcionales – Diccionarios - Idiomas para la interfaz** e marcar **Galego** nas dúas e a continuación o botón **Siguiente**.




Traballar con LibreOffice no idioma galego



Instalar o Pack de Axuda en Galego

Con esta opción podemos acceder a páxinas de axuda do paquete LibreOffice en galego.

Temos que volver á páxina de descarga do LibreOffice e premer en **Help for offline** (dobre clic)



Unha vez descargado o arquivo ir á carpeta **Descargas** e executalo (dobre clic).

